



Maleta: Familias

Actividades

- Ampliar a oferta bibliográfica do centro destinada a familias de alumnado.
- Dar a coñecer títulos e coleccións que poden resultar de interese para a biblioteca escolar e familiar.
- Reforzar as actividades destinadas a familias que se realizan na biblioteca, no centro ou en algunha das súas aulas.
- Estimular a lectura de libros e o visionado de películas compartido entre pais e fillos/as.
- Expoñer o contido da maleta e propiciar a súa consulta. Realizar unha gran exposición de materiais deste tipo que ambiente a biblioteca e as actividades que con motivo da maleta se realicen no centro.
- Propiciar a participación neste proxecto (maleta viaxeira de familias) achegando novos títulos de interese para a maleta e opinando acerca dos materiais que contén; da mesma maneira, agradécese a achega de información sobre novas actividades a realizar.
- Converter a atención a familias e a relación con elas no eixe central da vida do centro ao longo dun tempo, programando actividades que fomenten a participación e colaboración entre a comunidade educativa.
- Aproveitar para dar os primeiros pasos ou avanzar na organización dunha escola de familia, programando diferentes sesións de charlas, mesas redondas, faladoiros... acerca daqueles temas que máis interesen.
- Traballar o fomento da lectura coas familias apoiando outras actividades como a mochila viaxeira, o préstamo de fondos da biblioteca a cada alumno/a, as sesións de contacontos,... e poñendo en marcha outras novas como as feiras ou salóns do libro infantil/xuvenil, os obradoiros de narración oral ou lectura en voz alta,...
- Buscar información (e comentar coas familias) experiencias doutros centros, concellos ou asociacións que poidan servir de modelo neste traballo común: centro – comunidade educativa.
- Organizar conferencias do profesorado de cada departamento ou dos pais/nais especialistas, en cada unha das materias, para toda comunidade educativa, realizando un achegamento das áreas de estudo á vida cotiá.
- Buscar a participación das familias en actividades de promoción da lectura como contadas e lecturas na biblioteca, colaboración no traballo de xestión e ambientación da mesma,...
- Aproveitar para poñer en valor o papel da familia na educación dos seus fillos e fillas a través de actividades coordinadas co departamento de orientación.
- Organizar xornadas de portas abertas para que as familias poidan participar directamente da vida no centro, presentándolles a biblioteca e os clubs de lectura, convidándoos a participar no club de maiores, organizando obradoiros prácticos aos que poidan apuntarse os pais/nais/avós pero tamén promovendo a súa participación como monitores, tertulias para



falar dun libro ou cine forum para comentar unha película.

- Dar pé a concursos de buscas documentais onde poida participar algún membro ou varios da familia, formando equipos de adultos e alumnado.
- Estimular a participación das familias nos libros viaxeiros, na elaboración da revista escolar, no caderno da mochila viaxeira, na radio escolar, no blogue da biblioteca ou en clubs de lectura,... e tamén nos medios de comunicación locais para facer visible o traballo dos centros educativos na contorna.
- Facer partícipes ás familias da vida do centro, de maneira que se impliquen nel pero, sobre todo, na educación dos seus fillos e fillas.
- Reunirse coas familias para chegar a acordos educativos en relación á celebración do calendario de festas cíclicas e do libro e a lectura. Buscar a colaboración de familias e centro na incorporación dos máis xoves á vida cultural (visita a librarías, museos e bibliotecas), a educación en valores (agasallos merecidos e equilibrados, que se considera comportamento adecuado...), as técnicas de estudio (horarios de estudio e tarefas encomendadas, realización das mesmas...)
- Presentar os materiais da maleta ás familias distribuíndoo por apartados e abrindo o abano de posibles intereses: educación, fomento da lectura, traballo con valores, enfrontamento da determinadas situacións, actividades para realizar xuntos, lecturas compartidas, álbumes ilustrados a través dos que observar a facerse preguntas, libros de coñecemento, lecturas e xogos da tradición oral,...
- Dar a coñecer ás familias os libros que están a ler os seus fillos e fillas, facilitando a súa lectura.
- Organizar unha xornada festiva coa participación de todos e todas en actividades relacionadas coa música e a danza tradicionais.